

UD 1

O PUNTO DE PARTIDA: O ANTIGO RÉXIME

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÂNEO

1ºBAC.


1.A POBOACIÓN

RÉXIME DEMOGRÁFICO ANTIGO ATA MEDIADOS DO SÉCULO XVIII

- ALTAS TAXAS DE NATALIDADE E MORTALIDADE
- CRISES DE SUBSISTENCIA
- ELEVADA MORTALIDADE INFANTIL

[Texto: mortalidade infantil](#)

Modelo de transición demográfica




1.A POBOACIÓN

CAMBIOS A PARTIR DE MEDIADOS DO S.XVIII:

- DIMINÚE A MORTALIDADE POR:
 - MELLORAS NA AGRICULTURA, CO QUE AUMENTA A PRODUCCIÓN AGRÍCOLA E MELLORA A ALIMENTACIÓN
 - AVANCES NO ÁMBITO HIXIÉNICO E SANITARIO
 - MENOR MORTALIDADE POLAS GUERRAS
- A NATALIDADE MANTENSE ELEVADA
- CONSECUENCIA: AUMENTO DA POBOACIÓN

Evolución de la población en los siglos XVII y XVIII

(En millones de habitantes)



2. ECONOMÍA

FUNDAMENTALMENTE AGRÍCOLA:

- 80% da poboación
- Agricultura de subsistencia: malas condicións de vida
- MELLORAS A PARTIR DE MEDIADOS DO S.XVIII NALGÚNS PAÍSES:
 - Novos cultivos
 - Melloras técnicas: maquinaria
 - Enclosures en Inglaterra

AGRICULTURA



AGRICULTURA



AGRICULTURA

O RÉXIME SEÑORIAL

- SEÑORÍO TERRITORIAL: o señor posúe a propiedade da terra. Os campesinos páganlle unha renda ao señor pola explotación da terra.
- SEÑORÍO XURISDICCIONAL: o señor exerce xustiza, nomea cargos, percibe impostos por monopolios (uso dos fornos, muíños, bodegas, pasos, Pontes...)

AGRICULTURA

Os campesinos páganlle impostos:

- Ao REI: impostos directos e indirectos.
- Aos SEÑORES: polo dereito de explotación da terra e uso de instalacións, camiños, pontes...
- Ao CLERO: o diezmo eclesiástico (10% da colleita)

Na Idade Moderna medran os impostos de forma continua

Protestas campesiñas: teñen pouca efectividade.

2. ECONOMÍA

PRODUCCIÓN DE MANUFACTURAS CONTROLADA POLOS GREMIOS NAS CIDADES:

- Control de prezos, de produción, zonas de venda...
- Impedimento para a innovación

ALGUNHAS INNOVACIÓNS DESDE O S.XVII:

- DOMESTIC SYSTEM: un inversor proporciona materias primas e ferramentas aos campesinos, recolle o produto e o comercializa
- INTRODUCCIÓN DAS MANUFACTURAS: grandes obradoiros, controlados polos estados

2. ECONOMÍA

Jerarquía dentro del Gremio



Maestro

Oficial

Aprendiz

2. ECONOMÍA



2. ECONOMÍA



2. ECONOMÍA


O COMERCIO INTERNACIONAL:

- GRAN CRECIMENTO NA IDADE MODERNA
- EXPANSIÓN COLONIAL: MONOPOLIOS DE COMERCIO controlados polas grandes compañías privilexiadas: COMPAÑÍAS DE INDIAS, protexidas polos estados.
- S. XVI: importancia de España e Portugal
- S. XVII: importancia de Inglaterra, Provincias Unidas e Francia.

El comercio triangular

s.XV-s.XX

Es iniciado por Portugal, Francia, Inglaterra y Holanda entre los siglos XV y XVI, a los que en el siglo XVIII se sumó España. En Europa se cargaban los barcos con manufacturas, de las cuales las de menor valor eran vendidas en África a cambio de esclavos suministrados por las élites y comerciantes locales. En América los esclavos y manufacturas eran vendidos, y se cargaban productos coloniales de retorno a Europa.




Cartografía:
Abel Gil Lobo (2018)

2. ECONOMÍA

COMERCIO
TRIANGULAR

2. ECONOMÍA



ON BOARD A SLAVE-SHIP.

VENTA DE ESCLAVOS.

UNA NEGRA se vende, recién parida, con abundante lecho, excelente lavandera y planchadora, con principios de cocina, joven, sana y sin tachas, y muy humilde: darán razón en la calle de O'Reilly n° 16, el portero. 6 30

UNA NEGRA se vende por no necesitarla su dueño, de nación conga, como de 20 años, con su cria de 11 meses, sana y sin tachas, muy fiel y humilde, no ha conocido más amo que el actual, es regular lavandera, planchadora y cocinera: en la calle del Baratillo casa n° 4 informarán. 31

VENTA DE ANIMALES.

SANGUIJUELAS de buen tamaño y sobresaliente calidad, se hallan de venta en la barbería plazuela de S. Juan de Dios, y también en la calle del Sol esquina á la de Compostela frente á la hojalatería, barbería de Reyes

2. ECONOMÍA

S.XVI e XVII: Compañías protexidas pola monarquía.

- Debían vender obrigatoriamente productos do propio país (industrias protexidas), que cambiaban por metais preciosos.

S. XVIII: grandes compañías británicas. O goberno de Londres permite a liberdade de comercio (intercambios máis rendibles).

2. ECONOMÍA

COMERCIO INTERIOR:

- Tradición medieval: feiras (intercambios nacionais e internacionais) e mercados (comercio local ou rexional) semanais.
- Comercio itinerante.



2. ECONOMÍA


COMERCIO INTERIOR:

- Decadencia das feiras desde mediados do XVIII, substituídas por **lonxas ou centros de contratación**: negocio diario, vendas sobre mostras. Algunhas especializadas.

3. A SOCIEDADE DOS PRIVILEXIOS

- Antigo Réxime: sociedade **aristocratizante**, división social baseada no **privilexio xurídico**.
- **Tres estamentos** ou grupos sociais, con escasa mobilidade: NOBREZA, CLERO E TERCEIRO ESTADO OU XENTE DO COMÚN.
- Nobreza e clero: grandes privilexios (non pagan impostos, leis e tribunais propios, posúen a terra, cargos da administración...). Privilexiados: minoría (Francia: 2% da poboación).
- Terceiro estado: actividades produtivas. [Texto: sociedade estamental](#)
- **Sociedade baseada na desigualdade de orixe**: pertenza aos estamentos por nacemento. Oposición en certos grupos, onde xurden as ideas reformistas e revolucionarias (1789).

3. A SOCIEDADE DOS PRIVILEGIOS



[Sociedade estamental](#)

2.1 NOBREZA E ARISTOCRACIA EN EUROPA

S.XVIII: MÁXIMO AUXE DA NOBREZA EN EUROPA.

SOCIEDADE DOMINADA POLOS VALORES E GUSTOS ARISTOCRÁTICOS (MODELO A SEGUIR)

PERSOAS NOBRES: PRIVILEXIOS POR NACEMENTO. PERO DIVERSAS SITUACIÓNS (nivel de riqueza, altos cargos ou non).



2.1 NOBREZA E ARISTOCRACIA EN EUROPA

Nivel máis alto da nobreza: ARISTOCRACIA (grandes familias ricas e poderosas: altos cargos na administración e o exército).

Desprezo dos grupos inferiores e o traballo produtivo (Doc.9 p.14). Sentido excluínente, casaban entre eles, elevados ingresos (posesión da terra, comercio e rendas), monopolizan o goberno.

No s.XVIII medra o poder da aristocracia, e diminúe o do resto da nobreza, o que leva a achegar posicións entre a alta burguesía e a nobreza.

[Aristocracia España](#)

2.2 O CLERO

ESTAMENTO PRIVILEXIADO.

DIVISIÓNS:

- Clero regular e secular
- Alto e baixo clero

GRUPO NUMEROSO NALGÚNS PAÍSES EUROPEOS.

PRIVILEXIOS: non pagan impostos, leis e tribunais propios, rendas, décimo. [Texto: décimo](#)

Vía para acceder a un estamento privilexiado.



2.3 XENTE DO COMÚN OU TERCEIRO ESTADO

INMENZA MAIORÍA DA
POBOACIÓN, GRUPOS DE
DIFERENTE CONDICIÓ.

CARACTERÍSTICA COMÚN:
CARECEN DE PRIVILEXIOS.
TODOS PAGAN IMPOSTOS E
SUSTENTAN A SOCIEDADE CO
SEU TRABALLO.



2.3 XENTE DO COMÚN OU TERCEIRO ESTADO

A BURGUESÍA

Mellor posición. Grupo moi amplo (comerciantes, propietarios de negocios, rendeiros, funcionarios, profesionais, médicos, artistas, homes de letras e científicos).

Representan o **espírito de iniciativa económica e cultural** na Europa dos séculos XVII e XVIII.

Papel social reducido (monopolio do poder pola nobreza e o clero), excepto en Inglaterra, Suíza e Provincias Unidas.

S. XVIII: descontenta coa súa situación (poder económico, pero non político nin social). Empeza a esixir a súa participación en postos influíntes.

Intentan ascender socialmente a través do matrimonio con nobres.



2.3 XENTE DO COMÚN OU TERCEIRO ESTADO


OUTROS GRUPOS URBANOS

Maioría da poboación urbana: NON BURGUESES.

- Aprendices e oficiais dos obradoiros, empregados das tendas, servizo doméstico.

Carecen de propiedades, nivel de vida modesto (viven dos seus soldos).

Marxinados (pícaros, esmoleiros, expósitos, pobres, delincuentes, prostitutas, persoas que non viven da actividade produtiva).



2.3 XENTE DO COMÚN OU TERCEIRO ESTADO

O CAMPESIÑADO

80% da poboación europea.

Propiedade da terra: a maioría da nobreza e a Igrexa. Os campesiños trabállana como vasalos, servos ou arrendatarios.


- Tamén hai campesiños propietarios, algúns enriquecidos.

Apenas se moven do seu lugar de nacemento, sobreviven na súa comunidade.

Mundo pechado, pouco disposto aos cambios. Niveis de vida de subsistencia.



La propiedad de la tierra en el XVIII



Tierras señoriales y de la Iglesia en el siglo XVIII

Más del 80% de la población vivía de la agricultura... pero el 80% de la tierra no estaba "en el mercado", o sea era **propiedad vinculada**:

- Nobleza con el **mayorazgo**;
- Iglesia con las "**manos muertas**"
- Ayuntamientos, con los "**bienes de propios**" y "**baldíos**"
- Pueblos, con los "**comunales**".

Además, estaban los "**señoríos jurisdiccionales**" de la Corona, Órdenes Militares, Nobleza e Iglesia, que daban lugar a rentas... que pagaban los campesinos... pero no eran "propiedad territorial" necesariamente. Sí lo eran los "**señoríos territoriales**", esa propiedad "vinculada" y "**amortizada**" porque está fuera del mercado.

2.3 XENTE DO COMÚN OU TERCEIRO ESTADO

CONFLITOS SOCIAIS NO MUNDO RURAL

Pola desigual distribución da propiedade da terra, os impostos e as malas colleitas.

Francia: país con maior número de revoltas campesiñas nos séculos XVII e XVIII, polos elevados impostos reais, a presión señorial e a carestía.

[Vídeo: vida campesiña](#)

[Mapas: revoltas campesiñas](#)





3. O ABSOLUTISMO



3. O ABSOLUTISMO

- o Monarquía: forma de goberno que domina Europa do s.XVI ao XVIII.
- o Na Idade Moderna os reis foron incrementando o seu poder.
- o Desde o s.XVII, seguindo o modelo de Luis XIV en Francia (“*L’État c’est moi*”), foise impondo a **monarquía absoluta**, na que o rei tiña en teoría todos os poderes do estado, sen limitacións.
- o [Fragmento Vatel \(1999\)](#)

3. O ABSOLUTISMO



3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

- **Tradicionalmente**, os historiadores defenderon que as monarquías absolutas eran moi poderosas:
 - Os reis dirixían persoalmente a política e o goberno sen o consentimento de asembleas representativas.
 - Gobernos e institucións centralizadas, alleas aos poderes locais (municipios, provincias)
 - Exército permanente e burocracia para impoñer as decisións do rei en todas as partes do reino e someter á poboación ao seu poder.
- Xustificación: Doc.15 p.17

[Texto Xacobe I](#)

[Texto Bossuet](#)

3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

o Na realidade, este poder víase limitado por tres factores:

1. A resistencia dos poderes locais ás demandas do goberno central.


A poboación obedecía ás autoridades locais antes ca ó rei, un soberano afastado ao que nunca vían. No campo, os campesiños obedecían aos señores feudais, e nas cidades os concellos eran moi poderosos (decisións que hoxe corresponderían ao goberno).





Al menos **3 veladas** con entretenimiento a la semana

53 años de construcción **700** habitaciones



Una vez al día ...

- ...caza 
- ...reuniones 
- ...relaciones sexuales 

Aprox. **18** hijos



2 esposas

5.000 cortesanos presentes



4.000 sirvientes



11 amantes



72 años en el trono

4 grandes guerras

Cena promedio:



28 platos

3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

2. Falta dun control eficaz dos reis sobre as tarefas de goberno, sobre todo nos grandes Estados.

Os reis promulgaban moitas leis, pero eran incapaces de impoñelas (administración insuficiente, sen funcionarios cualificados).

3. Necesidade de contar coa aprobación das asembleas representativas para aprobar certas leis e impostos (Cortes, Parlamentos, Estados Xerais...).

Os membros destas asembleas representaban aos poderosos (non eran organismos democráticos): nobreza, clero e alta burguesía das cidades máis importantes. Estes tres grupos podían limitar a acción do rei cos seus votos. Doc.18 p.18



3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

A PRÁCTICA DO GOBERNO ABSOLUTO

Buscando a **eficacia** no goberno, os reis:

- 1. Intentan ampliar o control sobre os seus territorios:** crean novos funcionarios para asentar o seu poder no ámbito local (intendentes en Francia e España, alcaldes e rexedores nas cidades e vilas, gobernadores de provincia).
- 2. Cooperan cos que posúen o poder:** buscan a alianza cos poderosos (sobre todo a nobreza) para que tomen decisións acordes cos intereses do monarca.
 - A cambio, os reis deben manter o poder e autonomía dos señores feudais, das autoridades locais, os gremios, a Igrexa e funcionarios poderosos que compraran os seus cargos e os transmitían de xeración en xeración.
 - Manteñen o sistema fiscal: a nobreza e o clero continúan sen pagar impostos (todo o peso da facenda real recae sobre o pobo: sistema inxusto e ineficaz).

3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

A PRÁCTICA DO GOBERNO ABSOLUTO

A xustiza non era impartida exclusivamente polo rei.

Obrigas do goberno: protexer á poboación e as súas propiedades, administrar xustiza e impoñer orde.

Para reprimir o crime: medios brutais (execucións, castigos corporais como escarmento, expostos na vía pública).

Pero dentro do señorío a xustiza é impartida polo señor.




Ilustración de panadero ONU buzo (siglo 19)

3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

O DESPOTISMO ILUSTRADO

- Durante o s.XVIII: monarquías absolutas na maior parte dos países europeos.
- Estes reis queren manter e ampliar o seu poder, pero son conscientes de que deben resolver os graves problemas políticos e sociais nos seus países.
- POLÍTICA DE REFORMAS baseadas nas ideas dunha nova corrente filosófica, a Ilustración: DESPOTISMO ILUSTRADO (monarquías absolutas do século XVIII).
 - Intentan conciliar o absolutismo coas novas ideas da Ilustración, conxugando os intereses da monarquía co benestar dos gobernados.



3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

O DESPOTISMO ILUSTRADO

- Paternalismo: “*Todo para o pobo, pero sen o pobo*”. [Texto: Federico II de Prusia](#)
- POLÍTICA DE REFORMAS:
 - Reforzamento do Estado, centralización da administración, profesionalización do Exército e reducir o poder dos Parlamentos e outras institucións.
 - Intentan mellorar a economía a través do desenvolvemento da industria e o comercio.
 - Favorecen a ciencia, a educación e as artes.

3.1 A MONARQUÍA ABSOLUTA E OS SEUS LÍMITES

O DESPOTISMO ILUSTRADO

- Ningunha das reformas pretendía alterar a base do Antigo Réxime: mantivéronse a sociedade estamental e o réxime señorial.
- O despotismo ilustrado pretendía modernizar a economía e a administración, sen cambiar os fundamentos do poder do Estado, o que a medio prazo semellou imposible.
- A planificación e posta en práctica das reformas recaeu sobre ministros e altos funcionarios destacados da administración estatal, como o marqués de Pombal en Portugal, o marqués de Ensenada en España ou Turgot en Francia.
- Os déspotas ilustrados máis destacados foron Carlos III en España, Federico II de Prusia e Catalina de Rusia.

EL DESPOTISMO ILUSTRADO



Catalina II fue una gran impulsora del arte y la educación en Rusia.



Federico II de Prusia, arquetipo del déspota ilustrado.



José II

Emperador del Sacro Imperio Romano

DESPOTISMO ILUSTRADO

es una forma de gobierno

cuyo lema era

que aplican

cuyos máximos representantes fueron

CATALINA DE RUSIA

con el objetivo de

CONSEGUIR LA FELICIDAD DE SUS SÚBDITOS

llevando a cabo

→

Universidades, Academias e instituciones científicas. Escuelas

a través de

←

ECONÓMICAS

- Define el concepto y completa el mapa conceptual

O DESPOTISMO ILUSTRADO

[Vídeo: Ilustración e despotismo ilustrado en Dinamarca \(rei Christian VII\)](#)

Responde ás seguintes preguntas:

- Que características do Antigo Réxime podemos ver no vídeo? Que pensan os seus defensores das ideas ilustradas?
- Quenes representan a Ilustración na película? Argumenta a túa resposta.
- Que ideas da Ilustración se formulan?
- Que medidas se toman?
- Que fai posible que se poidan poñer en marcha estas medidas?

3.2 OS RÉXIMES PARLAMENTARIOS

- Ao longo do s.XVII, nas **Provincias Unidas** e em **Inglaterra** impuxéronse réximes parlamentarios, nos que a burguesía conseguiu participar no poder político.





3.2 OS RÉXIMES PARLAMENTARIOS

INGLATERRA

- Os reis intentaron instaurar o absolutismo, pero o Parlamento promoveu dúas revolucións en defensa dos seus dereitos:
 - **A primeira, entre 1649 e 1660** enfrentou ao rei Carlos I, católico e da dinastía Estuardo, co Parlamento. O rei contaba co apoio da alta nobreza, mentres que a Baixa nobreza e a burguesía urbana posicionáronse co parlamento. O rei foi feito prisioneiro en 1647, e executado en 1649. Estableceuse un réxime republicano dirixido por Oliver Cromwell, pero a república non se consolidou e o Parlamento volveu outorgar a coroa a un membro da dinastía Estuardo, Carlos II (1660). O seu sucesor, Xacobe II, provocou a rebelión de numerosos membros do Parlamento pola súa política absolutista e simpatía polo catolicismo.



3.2 OS RÉXIMES PARLAMENTARIOS


INGLATERRA

- Na segunda, ou **Gloriosa Revolución (1688)**, os dous grupos do Parlamento (*tories* ou moderados, e *whigs*, ou burguesía emerxente) aliáronse para evitar a continuidade da dinastía católica no trono e ofreceron a coroa a Guillerme de Orange, un príncipe protestante holandés casado con María Estuardo (filla maior de Xacobe II). Este fuxiu do país e exiliouse en Francia, poñendo así fin á monarquía absoluta representada polos Estuardo, e abriuse unha nova etapa na que os poderes do rei se viron limitados polo Parlamento.
- Así iniciouse un novo sistema político en Inglaterra: o PARLAMENTARISMO.

3.2 OS RÉXIMES PARLAMENTARIOS

INGLATERRA

- En 1689 o novo rei, Guillerme III, tivo que asinar a **Declaración de Dereitos** ou *Bill of Rights*, que sometía os poderes do rei ao Parlamento (Doc. 19 e 20, p.19).
- Esta Declaración reducía as atribucións do monarca, e obrigábo a contar co Parlamento para adoptar algunhas decisións, como:
 - Recrutar un exército en caso de guerra
 - Establecer novos impostos para conseguir máis recursos
 - Non podía suspender as leis aprobadas polo Parlamento.



Parliament By protection in the Court of
Kings Dukes for matters and causes requireable
only in Parliament and by direct and arbitrary
and illegal courses And whereas of late years
partiall corrupt and unqualified persons have
been returned and served on Jurors in Tryalls
and particularly diverse Jurors in Tryalls for
high Treason which were not freeholders And
whereas there hath been required of persons
convicted in criminal causes to elude the benefit
of the Lawes made for the Liberty of the Subjects
and for their fines have been imposed And
illegal and cruel Punishments inflicted And
severall Grants and Promises made of fines
and forfeitures before any Conviction or Judgment
against the persons upon whom the same were
to be levied All which are utterly and directly
contrary to the known Lawes and Statutes and
freedome of this Realme And whereas the
said late King James the second having

3.2 OS RÉXIMES PARLAMENTARIOS

INGLATERRA

Así, durante o s.XVIII, os reis ingleses foron perdendo poder, e fóronse definindo as competencias dos diferentes poderes do Estado:

- **Poder executivo:** o titular era o monarca, e estaba reservado ao goberno, que debía rendir contas ante o Parlamento, que decidía quen era nomeado Xefe do Goberno (Primeiro Ministro).
- **Poder legislativo:** residía no Parlamento, dividido en dúas cámaras:
 - A Cámara dos Pares (ou dos Lores): os seus membros herdaban o cargo.
 - A Cámara dos Comúns (formada por deputados elixidos). O voto era moi restrinxido (exercía o 15% dos varóns)
- **Poder xudicial:** exercido por maxistrados independentes, para garantir a defensa dos cidadáns.

3.2 OS RÉXIMES PARLAMENTARIOS

PROVINCIAS UNIDAS

- Tras a rebelión contra a dominación española estableceuse unha república (o país non estaba gobernado por un rei).
- Territorio formado por sete provincias con cadanseu Parlamento, que se unían nos Estados Xerais para tomar decisión comúns.

